



# PANGEIA

Um espectáculo de:



**limiar**  
teatro



Com a colaboración de:





Fotos Gerarte. Hugo Fernandes.

# PANGEIA

LIMIAR teatro (Galiza) e ACASO Danza (Brasil)



PANGEIA é un espectáculo con 7 actores, bailaríns e músicos en escena creado pola compañía galega Limiar Teatro e a brasileira Acaso Danza co Centro Dramático Galego, a Asociación de Produtores de Artes Escénicas de Pernambuco, o Festival Janeiro de Grandes Espectáculos de Recife e o Teatro da Malaposta de Lisboa coa colaboración da Casa Colorida de Nigrán e o Gerarte de Viana do Castelo. Un gran evento que busca profundizar nos camiños que nos unen a **Galicia, Brasil e Portugal** . **Nos camiños da terra, da humanidade, do home** dende unha perspectiva contemporánea e **multidisciplinar** que integre teatro, danza, música, cociña e **diferentes acentos e idiomas**. Un espectáculo adaptable a **espazos singulares patrimoniais (Igrexas, patios, claustros)** nos que representar esta Pangeia, este encontro que como a terra que pisamos nunca será dúas veces igual.

Un espectáculo creado en residencias artísticas en Brasil, Galicia e Portugal e que xirará na súa primeira tempada por tres continentes.

**Pangeia achega preguntas: preguntas de hoxe, preguntas de onte, preguntas de sempre. Alguén ten as respostas, nós procuramos as preguntas. Pangeia fala dos ciclos da terra, da humanidade, do home globalizando a diversidade do propio equipo pois sen diversidade... qué poderíamos globalizar?**



Fotos Gerarte. Rebecca Moradalizadeh

## O TEATRO, A DANZA, A MÚSICA, AS ARTES PLÁSTICAS, A COCIÑA, O LOCAL, O GLOBAL, A TRADICIÓN, O FUTURO... ISO É PANGEIA



Un traballo que partirá da tradición para chegar ao contemporáneo, do local ao universal. Decía Grotowsky que o teatro é o encontro...

Pangeia é separarse para volver a encontrarse.

Un espectáculo onde o son e a luz son creados e manipulados en escena polos actores, bailaríns e músicos creando unha luminotecnia e sonoplastia que interactúan cos textos e as coreografías. Un xogo no que o son se retroalimenta a través de distorsións, procesadores e disparadores electrónicos e a luz persigue as bailarinas con recortes, aicraf e fresnel de ata 8000W para falar da terra, do home e da humanidade.

Unha proposta na que todos actúan, bailan, tocan, iluminan e sonorizan en escena.

*“A Pangeia é a historia da terra, a historia da humanidade, a nosa propia historia. Pangeia é separarse para volver a encontrarse, noutro lugar, doutro xeito, noutro tempo como as placas tectónicas na deriva continental. No inicio ficaran xuntas e no fin xuntas van ficar. A Pangeia é crise, movemento, mudanza. É inicio. É fin.*

*É a suma de encontros e despedidas, de chegadas e partidas, de desgrazas e alegrías. De preguntas, de respostas. Respostas que levan a novas preguntas, a vellas preguntas, ás preguntas de sempre. Decía o Sócrates que as respostas, as ideas, os pensamentos xa están en nós e que só ha que parilas a base de preguntas. O problema é que parir doe.*



Fotos Gerarte. Hugo Fernandes.

## ACASO DANZA E LIMIAR TEATRO

Existen ás veces coproducións que nacen da necesidade de compartir, de continuar un camiño xuntos, de investigar. Este é o caso. *Limiar teatro e Acaso Danza coñecéronse nunha residencia artística en Portugal* (Proxecto Fafe Cidade das Artes) continuaron a súa relación en longas viaxes por Europa e a consolidaron no Brasil. Comparten a xuventude, o interese por chegar dende a tradición ao contemporáneo e o interese por coñecer e recoñecer a cultura compartida e o seu entorno. Así, desta fusión ética e estética das dúas compañías nace PANGEIA.



O [grupo Acaso](#) existe dende 2009, foi fundado na cidade de Recife. Gañou o **Premio Nacional Klaus Vianna 2012** da FUNARTE na categoría novos talentos co espectáculo "[Para Josefina](#)". Realizou unha residencia artística en Fafe (PT) onde tivo a oportunidade de montar o novo espectáculo titulado "O tempo preguntou ó tempo estrado no Brasil dentro da programación do Janeiro de Grandes Espectáculos 2014. A compañía estuda actualmente as fusións da danza contemporánea cas danzas de rúa, tribal e popular.

**Limiar Teatro** creado en 2009 con case **300 representacións en España, Francia, Portugal, e Brasil** dende entón.

Crea "Os 4 da Xunqueira" en coprodución co Centro Dramático Galego e a MAO de Portugal con apoio do proxecto Europeo CREATIVA. Trás 60 representacións por Galicia e Portugal. "Verbum Fahrenheit" en coprodución co museo Verbum Casa das Palabras de Vigo, percorreu gran parte da Galicia, Portugal e Brasil. "Don Quixote" con mais de 100 representacións en España, Francia, Portugal e Brasil.



Fotos Gerarte. Hugo Fernandes.



## CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Unidade de produción teatral adscrita á Xunta de Galicia, o [Centro Dramático Galego](#) comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuir á normalización e regularización da actividade teatral galega. Dende entón, o CDG ven desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais, cuns total de 68 producións e coproducións estreadas.



## O FESTIVAL JANEIRO DE GRANDES ESPECTÁCULOS - APACEPE

O Janeiro de Grandes Espectáculos - Festival Internacional de Artes Escénicas de Pernambuco con 25 edicións é un dos maiores eventos das artes escénicas en terras pernambucanas e de Brasil con 5 cidades sede simultaneas e 100 compañías.

Incluído dentro do “NÚCLEO DE FESTIVAIS DE INTERNACIONAIS DE ARTES CÊNICAS DO BRASIL” como un dos oito festivais mais importantes de artes escénicas de Brasil.

## O TEATRO DA MALAPOSTA (LISBOA)

O teatro da Malaposta é un espazo de creación e exhibición con diversas salas de traballo no antigo matadoiro de Odivelas no cinto metropolitano de Lisboa. Nos 25 anos dende a súas reconversión en espazo escénico representáronse multitude de espectáculos de teatro, música e danza, así como espacios expositivos, cine, poesía...etc.





Fotos Gerarte. Hugo Fernandes.

## ESPAZOS DE REPRESENTACIÓN.

A nosa Pangeia vivo e ligado a terra por iso é un espectáculo adaptable a diferentes espazos tanto convencionais como non convencionais.

Dentro dos espazos convencionais o espectáculo adáptase dende salas de teatro alternativas usando a platea como escenario (Teatro da Malaposta) ou grandes auditorios xerando un espazo total de representación rompendo as distancias entre palco e platea.

Dentro dos espazos non convencionais o patrimonio ten especiais posibilidades creativas dada a experiencia do equipo en traballos que ligan artes escénicas e patrimonio con intervencións en elementos tanto de patrimonio nacional como patrimonio Unesco. Igrexas, patios, corralas, claustros, patrimonio industrial etc son espazos cos que un espectáculo vivo e aberto como Pangeia pode explorar novas posibilidades creativas e de relación co espazo e o espectador.

**Cada espazo,coas súas especificidades, as súas historias, pasará formar parte do espectáculo integrando historia e arquitectura ao servizo de Pangeia.**





Fotos Gerarte. Hugo Fernandes.


## DIRECCIÓN DO ESPECTÁCULO

**Bárbara Aguiar** é fundadora de Grupo Acaso e dende o seu inicio foi directora e coreógrafa do mesmo. Titulada en Danza e Mestrado en Artes Escénicas na Universidade Federal de Pernambuco. Vinculada á danza dende o ano 2004, realizou varias residencias artísticas internacionais entre as que destacan Centro de Criatividade Póvoa de Lanhoso (Portugal) ou o Proxecto Fafe Cidade das Artes. Ademais traballou na produción de numerosos festivais nacionais e internacionais de teatro e danza en Brasil, entre os que destaca o Festival Janeiro de Grandes Espectáculos.

**Fran Núñez** é fundador de Limiar teatro e director do mesmo dende a súa creación. Licenciado en Arte Dramático pola ESAD Galicia e en Publicidade e RRPP pola Univerisdade de VIGO, Mestrado en Economía da Cultura e Xestión Cultural UVA e Máster en Artes e Ciencias do Espectáculo UPV. O mesmo tempo participou de estancias formativas na República Checa, Austria, Croacia e Italia. Traballou en diferentes postos en compañías públicas e privadas en España, Portugal, Italia e Francia entre as que destacan: Centro Dramático Galego, Teatro Español, Teatro de la Zarzuela, Teatro del Hereje, Centro Dramático Nacional, Orquesta Sinfónica de Galicia, a Real Filharmonía, Zancalino, Els Comediants, La fura dele Baus, Quinquilláns, Matarile, Los Goliardos ou The Ship of Fools. Na actualidade dirixe o Festival Internacional de Teatro Lusófono de Galicia en Gondomar.



**Premio Nacional Klaus Vianna. 2012.** FUNARTE na categoría novos talentos co espectáculo “Para Josefina”



**Interplay Europa 2014 Austria.** Seleccionado por Assitej para representar a España no certame europeo de xoves dramaturgos.



Fotos Gerarte. Hugo Fernandes.



### **JOSE CARLOS ILLANES (Dirección musical e de movemento)**

José Carlos Illanes é actor, músico de escena, cantante e cómico. Diplomado en Teatro Xestual polo Lecoq Escola de Mar Navarro e Andrés Hernández, toca varios instrumentos e está diplomado en guitarra e solfeo por The Royal School of Music. Estudia canto, clown e manipulación de obxetos. Traballou en diferentes empresas como o Centro Dramático Gallego, Zancalino a La Jarana ou Este o Este da que é fundador, así como en diferentes musicais da Gran Vía de Madrid como Galicia Caníbal ou Don Pepito.



### **NURIA GULLÓN (Dirección vocal)**

Licenciada en Arte Dramática pola RESAD de Madrid e mestrado en pedagogía pola UVIGO ten traballado para compañías como o Centro Dramático Galego, Sarabela, Teatro Español, Factoría Teatro ou Els Comediants. Na actualidade é profesora do departamento de Voz e Expresión Oral da ESAD Galicia en Vigo e traballa con Teatro del Hereje na produción “Teresa” así como en diversas series de televisión para a TVG





Fotos Gerarte. Hugo Fernandes.

## **EQUIPO ARTÍSTICO**

**En escena:** Barbara Aguiar, Coco Castro, Ana Catarina Maia, Fran Núñez, Karol Nurza, Manuel Polo, Hugo Rodríguez

**Dirección e dramaturxia:** Barbara Aguiar e Fran Núñez

**Dirección musical, xestual e asistente de dirección:** Jose Carlos Illanes

**Composición musical:** Jose Carlos Illanes

**Dirección vocal:** Nuria Gullón

**Asistente de coreografía:** Fernando Oliveira

**Ambiente sonoro:** Coco Castro

**Espazo e iluminación:** Coco Castro e Fran Núñez

**E.S.P:** Jose Manuel Núñez

**Grafismo, fotografía e vídeo:** GERARTE – Residência Artística \_Hugo Fernandes, Rebecca Moradalizadeh

**Loxística:** Casa Colorida, Centro Cultural Nautilus, Associação Juvenil de Deão – AJD

**Comunicación:** O Cable Inglés

**Produción executiva:** Bárbara Aguiar e Fran\_Núñez **Produción local \_Janeiro de Grandes Espectáculos:** Iris Macedo

**Acaso:** Andrea Silva **\_Limiar:** Cris Alonso, Candi Álvarez **\_CDG:** Fran Veiga **\_\_Boccacione:** Carol Gonçalves

**Presidente APACEPE:** Paulo de Castro

**Director do Centro Cultural Malaposta:** Manuel Coelho

**Director do Centro Dramático Galego:** Manuel Guede





## EN ESCENA: 7 ACTORES, BAILARÍNS E MÚSICOS.



**Fran Núñez**  
Interplay Europa  
2014 Austria.



**Coco Castro**  
Premio María Casares  
Mellor espectáculo CITIZEN  
De Chévere




**Karol Nurza**  
Premio mellor actriz  
Festival nacional 41º  
FETEAPP 2011



**Manuel Polo**  
Premio ao mellor actor.  
II Festival Vigo 36h de  
curtametraxes



**Bárbara Aguiar**  
Premio Nacional Klaus  
Vianna.  
2012. FUNARTE



**Ana Catarina Maia**  
Seleccionada para o Contemporary  
Dance Boot Campus  
(Canadá) 2013 – York University



**Hugo Rodriguez**  
Premio ao mellor actor.  
4º Certame de Teatro Inmediato  
en Gondomar.

Os intercâmbios entre companhias pernambucanas com outros grupos de fora do Estado e do País têm possibilitado a criação de espetáculos de relevantes propostas cênicas, nos últimos anos. A mais recente montagem, primeira estreia do Janeiro de Grandes Espetáculos, é *Pangeia*, trabalho dos grupos Acaso e Limiar (Galícia) que une dança, música e teatro numa encenação extremamente contemporânea. O espetáculo, que reflete um amadurecimento da companhia pernambucana, foi encenado sábado e ontem no Teatro Hermilo Borba Filho.

*Pangeia* foi o supercontinente que, há 200 milhões de anos, deu origem à atual divisão global – Europa, Ásia, África, América, Oceania e Antártida. No espetáculo com dramaturgia de Barbara Aguiar e Fran Núñez, *Pangeia* se justifica pela universalidade que existe entre diferentes povos de culturas diferentes. É uma peça que fala das coisas em comum entre Portugal, Brasil e Espanha.

Este é o terceiro trabalho do Acaso, que estreou com *Para Josefina* (2012) e pelo universo infantojuvenil com *O tempo perguntou ao tempo* (2014), achando uma maneira de colocar a dança contemporânea e o popping em contraponto a outras estéticas e escolas de dança, como

o balé. E o que se vê em cena é um pensamento artístico cada vez mais bem definido da companhia: a aposta na integração entre várias linguagens de maneira que o resultado leva ao palco uma experimentação plausível e instigante. É, sem dúvida, o espetáculo mais adulto da carreira do Acaso.

O encontro com o Limiar possibilitou a *Pangeia* uma encenação ainda mais teatral. O talento dos atores galegos Coco Castro, Fran Núñez, Manuel Polo e Hugo Rodríguez engrandece a montagem. Eles têm uma interpretação despojada, bem humorada e ao mesmo de uma técnica de improviso apuradíssima, que complementam a dança das brasileiras Bárbara Aguiar, Ana Catarina Maia e Karol Nurza. Esta última, inclusive, uma boa atriz, que cresce no palco na cena em que interpreta um peão de rodeio.


A história se faz de quadros, pinçando as tais situações de encontros entre os três países. São muitos recortes e falta, porém, uma costura mais concreta desses fragmentos, que por vezes parecem perdidos na cena ou até redundante. O grande trunfo do espetáculo, entretanto, é a trilha sonora ousada e pulsante executada ao vivo pelos atores, criada a partir de vozes, experimentos sonoros e batidas eletrônicas. (M.A.)



## PRENSA.

Recife | 19 de janeiro de 2015 | segunda-feira

[www.jconline.com.br](http://www.jconline.com.br)



Alexandre Gondim/JC Imagem

**MONTAGEM OUSADA** *Pangeia* une dança, música e teatro

## A XIRA PANGEIA (Ata Agosto)



Tempada en Lisboa: Centro Cultural Malaposta. Outubro de 2014 (PORTUGAL)

Janeiro de Grandes Espectáculos de Recife con funcións en Recife, Arco Verde, Caruaru, Goiania. Xaneiro 2015 (BRASIL)

Tempada en Santiago de Compostela. Salón Teatro . Abril 2015 (GALICIA)

Festival internacional MITEU de Ourense. Abril 2015 (GALICIA)

Tomiño. Praza de abastos. Abril 2015 (GALICIA)

Redondela. Auditorio da Xunqueira. Maio 2015 (GALICIA)

Gondomar. Auditorio Lois Tobío. Maio 2015 (GALICIA)

Bienal de Culturas Lusófonas. Lisboa. Maio 2015 (PORTUGAL)

Festival Internacional de Casablanca. Casablanca. Maio 2015 (MARROCOS)

Festival The Arts de Rabat. Maio 2015 (MARROCOS)

Centro Cultural Beni-Mellal. Maio 2015 (MARROCOS)

Mostra Brasileira de Danza. Agosto 2015 (Pernambuco - BR)

METAC . Agosto 2015 (Recife - BR)

FIT - Festival Internacional de Itinerancias teatrais . Agosto 2015. (Mogi - Sao Paulo - BR)

Festival Mostra na Lona . Agosto 2015 (Sao Paulo - BR)

Agosto Popular de Teatro. Agosto 2015 (Sao Jorge de Campos - BR)

FIT. Agosto 2015 (Hortolandia - BR)

## CONTACTO

Fran Núñez Alonso

0034645444836

[fran.nunez.alonso@gmail.com](mailto:fran.nunez.alonso@gmail.com)

LIMIAR teatro (Galiza)



LIMIAR teatro (Galiza) e ACASO Danza (Brasil)

## DISTRIBUCIÓN



**Carlos Martínez Carbonell**

PROYECTOS CULTURALES  
Y DIST. ESPECTÁCULOS

**678 460 559**

[cmcarbonell@cremilo.es](mailto:cmcarbonell@cremilo.es)

[www.cremilo.es](http://www.cremilo.es)